



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: [correo@frades.dicoruna.es](mailto:correo@frades.dicoruna.es)

# BANDO PARQUE EÓLICO GASALLA

Acordo de 6 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Gasalla, nos concellos de Mesía e Frades, (exp. IN408A 2017/26).

Solicitante/promotora: **GREEN CAPITAL POWER, SL**

Potencia a instalar: **24,255 MW.**

Núm. Aerogeradores a instalar: **7 ud.×3,465 MW de potencia nominal unitaria.**

Sete (7) aerogeradores tripá, modelo SG 3.4-132 ou similar, de potencia nominal unitaria 3,465 MW, velocidade e paso variables e diámetro do rotor de 132 m e altura de buxa de 114 m para seis deles e de 134 m para o restante.

Unha torre metereolóxica.

Unha subestación eléctrica transformadora, denominada SET Gasalla 30/132 kv.

O proxecto faise público para o coñecemento xeral e para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada na **oficina técnica de urbanismo do concello os LUNS, MÉRCORES E VENRES en horario de 10:00 a 14:00h, se é o caso, presentar alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG). Publicado o venres, 16 de setembro de 2022 no DOG Núm 177.

**Prazo para remitir alegacións/achegas/opiniós: 19/09/2022 - 31/10/2022**

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña) das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico [seccion.enerxia.coruna@xunta.es](mailto:seccion.enerxia.coruna@xunta.es) ou nos teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 17, así como nas casas consistoriais de Mesía e Frades.

Ademais, esta documentación tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do seguinte enlace:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

No portal web do concello de Frades: <https://frades.gal/nova/531/a-xunta-somete-a-informacion-publica-o-parque-eolico-de-gasalla-nos-concellos-de-frades-e-mesia>

**O equipo de goberno manifestase en contra deste proxecto e presentará as alegacións oportunas para evitar as consecuencias irreparables que este proxecto traerá consigo.**

Frades, 16 de setembro de 2022

O Alcalde- Presidente

Roberto Rey Martínez

